



Axudas de mobilidade Erasmus+ para realizar a FCT dos ciclos de grao medio no estranxeiro, no período abril-xuño de 2023

- Dirixidas a alumnado do IES Perdouro matriculado actualmente no segundo ano dun ciclo formativo de grao medio
- Período de prácticas de 11 semanas en países da UE
- Solicitude desde o día 19 ao 28 de outubro de 2022, ambos incluídos.

As estadias de prácticas laborais en empresas do estranxeiro ofrécenche unha gran oportunidade para mellorar a túa competencia lingüística, as túas opcións de empregabilidade e perspectivas laborais e persoais, así como a túa participación máis activa na sociedade.

O IES Perdouro xestiona estas axudas como membro do consorcio de mobilidades KA102 promovido pola Dirección Xeral de F.P. para o desenvolvemento do Proxecto Erasmus+ con número **2020-1-ES01-KA102-079982**.

O proxecto, cun orzamento de 1.257.738,00€, permitirá mobilidades destinadas ao alumnado (30 prazas de longa duración e 240 prazas de curta duración), ao persoal para docencia (15 prazas) e ao persoal para formación (90 prazas) de ciclos formativos de grao medio e FP Básica dos centros educativos públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades, durante o período de duración do proxecto, ata o 2 de xullo de 2023.

1. Vantaxes de realizar unha estadia de prácticas no estranxeiro

Os mercados (tamén o laboral) están cada vez mais globalizados e as empresas operan cada vez mais no ámbito internacional. Por iso, os requirimentos que se lle piden ao cidadán e ao traballador do século XXI están en sintonía con esta circunstancia. Hoxe en día, a empregabilidade dos traballadores inclúe de xeito moi importante a súa capacitación para viaxar, vivir e traballar no estranxeiro ou simplemente para manter relacións profesionais a nivel internacional.

As estadias de prácticas no estranxeiro apórtanlle á persoa un conxunto de aptitudes de gran valor, como son, entre outras, as seguintes:

- Aprendizaxe ou perfeccionamento doutras linguas
- Madurez e seguridade a nivel persoal e profesional,
- Capacidade de viaxar e de desenvolverse no estranxeiro
- Capacidade de resolver problemas da vida real de forma autónoma.
- Coñecemento e respecto doutras formas de vida e costumes
- Confianza en si mesmo/a para tomar a decisión de desprazarse a outro país para vivir e traballar.

2. Contías e criterios de distribución das axudas de mobilidade

As mobilidades de ciclos de grao medio durarán un máximo de **79 días**.

Os importes das axudas varían segundo o país no que se realizan as mobilidades e compóñense dun importe para manutención e outro para os custos de desprazamento de ida e volta.

Os importes de **manutención** aprobados polo Programa Erasmus+ (convocatoria 2020) son os que figuran na seguinte táboa, dependendo do país:

	Países de destino/Manutención - FCT 11 semanas (79 días)	Importes
Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido e Suecia	4.258 €
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	3.663 €
Grupo 3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	3.147 €

A táboa da dereita indica os importes das axudas para contribución aos **custos de viaxe** dos participantes desde o seu lugar de orixe ata o lugar onde se desenvolva a actividade (ida e volta).

Viaxes - Distancias	Importes
Entre 10 e 99 km	20 €
Entre 100 e 499 km	180 €
Entre 500 e 1999 km	275 €
Entre 2000 e 2999 km	360 €
Entre 3000 e 3999 km	530 €
Entre 4000 e 7999 km	820 €
8000 km ou máis	1.500 €

As distancias das viaxes deben calcularse utilizando a **calculadora de distancias** da Comisión Europea, introducindo a distancia do percorrido nun só sentido. Calculadora de distancias:

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator>

Para obter o **importe total** de cada mobilidade deberá sumarse o importe de manutención que corresponda por país e o importe que corresponda para viaxe por distancia ao país de acollida.

A axuda cóbrase en **dous prazos**: o 80% ao inicio das prácticas e o 20% ao final, unha vez completada a documentación.

3. Formación lingüística dos participantes

Os candidatos que teñan a súa mobilidade aprobada terán a opción de realizar a súa formación lingüística a través da plataforma OLS (Online Language Support) da Comisión Europea:

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/resources-and-tools/online-language-support>

4. Presentación de solicitudes. Prazo e documentación.

O alumnado interesado deberá formalizar a súa solicitude por escrito no prazo comprendido entre os días **19 e 28 de outubro de 2022**, ambos incluídos, presentando na **secretaría** do IES Perdouro a seguinte **documentación**:

1. Formulario de solicitude, segundo o Anexo I da Resolución do 05/08/2022
2. Fotocopia do DNI, NIE ou outro documento oficial de identificación.
3. Certificado da conta bancaria de titularidade do/a solicitante.
4. Certificacións de competencias lingüísticas aportadas con respecto á lingua do país de destino ou da lingua de traballo.
5. Curriculum Vitae EUROPASS. Inclúranse fotocopias acreditativas dos diplomas, cursos ou experiencia profesional. <https://europa.eu/europass/es>

5. Calendario do proceso de selección

Unha vez finalizado o prazo de solicitude, o proceso de selección do alumnado continuará de conformidade co seguinte calendario de actuacións:

Datas	Actuación
Do 19 ao 28 de outubro de 2022, incluídos	Prazo de solicitude
2 e 3 de novembro	Período de entrevistas e probas de selección, se procede.
07 de novembro	Reunión da comisión avaliadora
07 de novembro	Publicación da listaxe provisional de alumnado seleccionado e excluído.
Do 7 ao 14 de novembro, incluídos	Prazo de reclamacións
14 de novembro	Publicación da listaxe definitiva de solicitantes seleccionados e excluídos.
Do 15 ao 21 de novembro, incluídos	A Dirección do IES Perdouro solicítalle á Dirección Xeral de FP a adxudicación das bolsas de mobilidade.
(Nas semanas seguintes)	A Dirección Xeral de FP resolve a adxudicación de bolsas Erasmus.

O feito de que unha persoa solicitante apareza na relación de solicitudes admitidas significa que cumpre as condicións requiridas para participar no proceso de adxudicación de bolsas Erasmus+ (número de bolsas limitado) que se levará a cabo na Dirección Xeral de F.P. para todos os centros que forman parte do consorcio, pero non supón en ningún caso a garantía de recibir a bolsa nin de realizar a mobilidade.

A adxudicación definitiva da praza de mobilidade e da bolsa Erasmus será efectiva unha vez se produza a aceptación do/a solicitante por parte dun centro de traballo de destino e se teña elaborada e asinada a documentación legal requirida (Convenio de subvención Erasmus, Convenio de FCT e Acordo de Aprendizaxe Erasmus+). A mobilidade e a propia realización do módulo de FCT no estranxeiro tamén deberán contar coa autorización do servizo de Inspección Educativa e da Dirección Xeral de FP (Orde do 24 de maio de 2005, DOG 13 de xuño de 2005).

6. Criterios de selección do alumnado candidato

1. *Expediente académico* (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

2. *Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo*, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo.
- b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- c) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- d) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

3. *Competencias persoais e actitudes* (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Este informe de madurez, actitude e responsabilidade constará de cinco criterios a valorar, que puntuarán de 0 a 4 cada un deles:

- Cumprimento das normas do centro (1)
- Trato respectuoso aos compañeiros, profesores e persoal do centro (1)
- Actitude resolutive
- Aproveitamento de recursos e iniciativa persoal.
- Capacidade de traballo en equipo.

A cualificación obterase calculando a media aritmética das puntuacións dos cinco criterios.

Para poder ser seleccionado/a, o alumno/a deberá obter:

- Unha puntuación mínima de 3 puntos en cada un dos dous primeiros criterios (cumprimento das normas e trato respectuoso)
- Unha puntuación mínima de 2 puntos na cualificación resultante deste apartado de competencias persoais e actitudes (media aritmética).

4. *Criterios de desempate.*

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
- 4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.

7. Para obter mais información:

Na web do IES Perdouro: www.iesperdouro.gal

Información no Portal de Formación Profesional de Galicia:

<http://www.edu.xunta.gal/fp/erasmus-proxectos-ka102-2020-2023>

Web do SEPIE (Servicio Español para la Internacionalización de la Educación):

<http://www.sepie.es/formacion-profesional/index.html>

Comisión Europea, programa Erasmus+:

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/index_es.htm

18/10/2022